

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 1 DE SETEMBRO DE 2017

LICENZAS FAVORABLES

LIC/1340/2013.- JOSÉ SALVADO LÓPEZ.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no Lugar de Sabugueira- Lavacolla, 2.

2.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e concesión de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no Lugar de Sabugueira - Lavacolla, 2. LIC/1340/2013. Concédese a licenza.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto técnico de rexeneración do pavimento de calzada da vía de servizo este (marxe pares) da Avda. do Cruceiro da Coruña. Apróbase o proxecto, que terá un orzamento máximo de licitación de 252.266,27 euros (IVE incluído), e un prazo de execución de tres meses.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á aprobación do proxecto de restauración e mellora do itinerario fluvial "DE PONTE A PONTE POLO RÍO SARELA". Apróbase o proxecto, cun orzamento de licitación de 87.397,40 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de tres meses-

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á prórroga do contrato de "servizo de desratización no termo municipal de Santiago de Compostela". Acórdase prorrogar o contrato asinado coa empresa ARUMIA SL polo prazo de dous anos, a contar desde o 3 de setembro de 2017. O gasto será (IVE incluído) de 6.244,80 euros para a anualidade de 2017; 19.052 euros para 2018, e 12.807,20 euros para 2019.

5.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda en Administración relativa á devolución de fianza de "subministro de sinais para a reposición das existentes e novas instalacións". Apróbase a proposta.

6.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda en Administración relativa á devolución de fianza de "subministro e instalación de equipamento para a área de xogo do parque Agros de Ramírez". Apróbase a proposta.

7.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda en Administración relativa á devolución de fianza de "obras de ampliación da rede de saneamento no lugar de Sarela de Arriba (A Peregrina), incluídas no POS 2013 da Excma. Deputación Provincial da Coruña." Apróbase a proposta.

8.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda en Administración relativa á devolución de fianza de “obras incluídas no proxecto modificado de mellora e acondicionamento de viarios nas parroquias de Cesar, Berdía, A Barciela e San Caetano, incluídas no POS 2013 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.” Apróbase a proposta.

9.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda en Administración relativa á devolución de fianza de “obras de mellora e acondicionamento de firme na pista de Son de Abaixo (A Gracia) a Bargo (A Peregrina), incluídas no POS Adicional 1/2013 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.” Apróbase a proposta.

10.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda en Administración relativa á devolución de fianza de “obras de urbanización do SUNP-11 do Castiñeiriño. Apróbase a proposta.

11.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas. Dáse conta.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, relativa á creación do proxecto e a dispoñibilidade dos créditos afectados nos importes da subvención concedida para obradoiro de emprego Ecotur Xuvenil III. Apróbase a proposta.

2.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, relativa á distribución orzamentaria do proxecto Plan Xuvenil de Integración Profesional “Mocidade con Emprego”. Apróbase a proposta.